

## **Curso MONITOR/A DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE**

**O título de Monitor/a de Actividades de Tempo Libre** está regulado polo Decreto 50/2000 do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude. **É un título oficial emitido pola Xunta de Galicia**; ten coma obxectivo formar persoas capaces de realizar actividades de lecer, recreativas e socioculturais, tanto no tempo libre urbán como na natureza. Sendo monitor/a, poderás traballar con nenos, mocidade e maiores, en campamentos, comedores escolares, saídas, excursións, actividades extraescolares, ludotecas, etc... Se estás nunha asociación poderás ocuparte da animación e dinamización da mesma.

**LUGAR DE CELEBRACIÓN DO CURSO:** Espazo Xove de Betanzos

**DATA DE INICIO DO CURSO.** Comeza o sábado 4 de febreiro de 2023

**DATA FINAL DO CURSO.** Remata o sábado 8 de abril de 2023

**FORMATO DO CURSO.** Semi presencial. 200 h. lectivas repartidas do seguinte xeito:

- **110 horas presenciais;** parte das clases teórico-prácticas presenciais serán no Espazo Xove de Betanzos (antiga Casa da Xuventude), situado na rúa Valdoncel 7, CP 15300 Betanzos. Outras clases presenciais (saídas e actividades fora da aula) desenvolveranse en diferentes espazos da comarca de Betanzos (campismo, sendeirismo, medio ambiente, gimkanas e outras dinaminas de animación).
- **90 horas a distancia;** as clases en formato a distancia requiren, obrigatoriamente, do equipamento axeitado por parte do alumnado (ordenador con conexión a internet, micrófono e cámara /webcam)

**PRAZAS:** 25. Os participantes deben ser maiores de idade e estar en posesión, polo menos, dalgún dos seguintes títulos: ESO, Graduado escolar ou Técnico auxiliar en formación profesional. Se require un mínimo de 16 alumnso/as para poder celebrar o curso.

**HORARIOS E DÍAS DAS CLASES:** No caso das clases presenciais serán en horario de 9 a 14 horas e de 15,30 a 20,30 horas. O curso celébrase en fins de semana; as clases serán os sábados, con un domingo ao mes (ver o calendario). As clases a distancia serán pola semana, co desenvolvemento de lecturas e exercicios e con conexións pola semana para presentar os materiais e resolver dúbidas.

**O TÍTULO DE MONITOR/A:** Para obter o título de Monitor/a de Actividades de Tempo Libre deberás completar 2 fases; a primeira é a fase teórico-práctica (o curso) que ten unha duración de 200 horas lectivas. A segunda parte é a fase práctica, que dura 150 horas, e que poderás comezar unha vez superes a primeira fase (o curso). Unha vez completes ambas fases poderás obter o título oficial de monitor.

**INSCRICIÓNS:** Por orde de inscrición, ata ocupar prazas. Coa inscrición é necesario facer un pagamento de 50 euros en concepto de reserva de praza. Dito pagamento só será devolto no caso de non celebrarse o curso.

**DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA INCRIBIRSE NO CURSO:** encher ficha do curso, 1 foto carné, copia DNI, copia título académico, xustificante do pagamento da reserva de praza do curso, xustificante do desconto (no caso de escoller algunha das opcións con prezo especial).

<b>PREZO</b>	<b>euros</b>
Xeral	280,00
Carné xove ou membro de AA.XX.	270,00
Desempregado/a	265,00
<i>Membro, colaborador ou voluntario/a da Fundación Fragas do Mandeo</i>	260,00

É posible facer o pagamento do curso en 3 fases:

- 1ª) reserva praza na inscrición: 50,00 euros
- 2ª) ao comezo do curso: 150,00 euros
- 3ª) resto do pagamento antes do 11 de marzo

<p><b>DATAS DAS CLASES</b> <i>(en negra: domingos)</i></p>	<p><b>Clases presenciais</b>            FEBREIRO 2023: 4, 11, 18, <b>19</b>, 25            MARZO 2023: 4, 11, 18, 25, <b>26</b>            ABRIL 2023: 1</p> <p><b>Clases en liña ou a distancia</b> Semana</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Febreiro, do 6 ao 11 (10 horas)</li> <li>-Febreiro, do 13 ao 18 (10 horas)</li> <li>-Febreiro, do 20 ao 25 (10 horas)</li> <li>-Febreiro/marzo, do 27.02 ao 04.03 (10 horas)</li> <li>-Marzo, do 6 ao 11 (10 horas)</li> <li>-Marzo, do 13 ao 18 (10 horas)</li> <li>-Marzo, do 20 ao 25 (10 horas)</li> <li>-Marzo/abril, do 27.03 ao 01.04 (10 horas)</li> <li>-Abril, do 6 ao 8 (10 horas)</li> </ul>
--	--

## MAIS INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS

<b>CURSO DE MONITOR/A DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE EN BETANZOS</b>	
<b>Escola de Tempo Libre</b> <b>“FERVENZA”</b>	<b>ESPAZO XOVE DE BETANZOS</b>
<b>fervenza.etl@gmail.com</b>	Rúa Valdoncel 7, 15300 Betanzos Tlf. 881.880.279 espazoxovebetanzos.xuventude@xunta.gal